



Expediente número: PLN/2019/13

## ACTA

Sesión Ordinaria 12/2019 celebrada polo  
Pleno do Concello o día 05 de setembro de 2019

### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 11/2019 do 31/07/2019
- 2) Toma de Posesión como Concelleira de Erminda Quelle Fernández.
- 3) Toma de Posesión como Concelleiro de David Muiños Portela.
- 4) Incremento do Límite Global das Gratificacións do Persoal Funcionario II
- 5) Proposta sobre Asignacións aos Grupos Políticos.

#### PARTE DE CONTROL

- 6) Dar Conta da nova Voceira do Grupo Político Municipal PP
- 7) Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 25/2019.IR06/19, MC 26/2019.IR07/19, MC 27/2019.GC08/19, MC 28/2019.TC12/19, MC 29/2019.IR08/19 e MC 30/2019.GC09/19.
- 8) Actividades de control do pleno.
  - 8.1 Dar conta das Resolucións da Alcaldía.
  - 8.2 Solicitude de Comparecencias.
  - 8.3 Mocións.
  - 8.4 Rogos e preguntas.





CONCELLO DE REDONDELA

No Casa do Concello, no salón de sesións de plenos, e sendo as vinte horas e trinta minutos do 05 de setembro de 2019 coa presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

**GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE REDONDELA (PP)**

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

**GRUPO MUNICIPAL PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG-PSOE)**

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS





## **GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)**

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

## **GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE REDONDELA (BNG)**

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretario, o secretario xeral, Pablo Portela Fernández.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### **INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e polo falecemento de Amado Ricón.





### **1) Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 11/2019 do 31/07/2019**

Dáse conta do mencionado borrador, acta da sesión ordinaria 11/2019 celebrada o día 31 de xullo de 2019, o pleno do concello.

O concelleiro González Campo fai referencia ao punto número nove en que hai unha explicación dun voto particular sobre o cambio de voto.

Intervén a sra. Alcaldesa explicando que ao non estar eu como secretario na sesión en que se aprobou este punto, procede falar coa persoa que desempeñou a secretaría accidental, aos efectos de comprobar e corrixir no seu caso a acta.

En votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros, acorda deixar sobre a mesa a acta da sesión constitutiva, pendente de comprobación.

### **2) Toma de Posesión como Concelleira de Erminda Quelle Fernández**

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente á concelleira ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, a cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, a concelleira electa ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ toma posesión do seu cargo de concelleira a todos os efectos.

### **3) Toma de Posesión como Concelleiro de David Muiños Portela.**

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente ao concelleiro DAVID MUIÑOS PORTELA, a cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de





incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, o concelleiro electo DAVID MUIÑOS PORTELA toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.

#### **4) Incremento do Límite Global das Gratificacións do Persoal Funcionario II**

##### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 02 de setembro de 2019 que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios prestados no mes de xuño e xullo polo persoal que están pendentes de aboar.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia APN-28.08.19.1 de 28 de agosto que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 74.443,27 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”





## INTERVENCIÓNS:

O concelleiro González Campo manifesta que Redondela necesita máis traballadores e traballadoras, e falando cos representantes sindicais consideran que non se debería superar as 80 horas anuais, polo que procede unha adecuada planificación para evitar esta situación. Concreta como unha vía alternativa para negociar cos traballadores as horas de libre disposición.

A concelleira Couñago Andrés declara a intención de modificar a forma de prestación das mesmas, que partiría entre outros extremos do establecemento dunha serie de criterios para determinar de modo claro cando existe ou non hora extra. Insiste na planificación como medida para paliar a situación.

Expón que non se pode considerar o sistema mais adecuado ter un secretario un día a semana. A concelleira Amoedo Dasilva critica tanto o sistema que está aplicando, como a actitude da Señora Couñago, que cambia de criterio ao tentar normalizar un criterio que antes implicaba un voto en contra.

O concelleiro Cabaleiro Couñago responde que se están tendo en conta os informes de intervención e se están tratando de aplicar medidas correctoras, como por exemplo a contratación do servizo de limpeza de coches da Policía Local e que o criterio que defende o grupo de goberno e o que se defendía dende a oposición.

O concelleiro González Campo replica a voceira do PP, que non procede falar de secretarios, xa que presións de este tipo provocaron que algún xa se marchase.

A concelleira Couñago Andrés entende que hai que adaptarse aos novos tempos e cambiar o criterio, xa que se están adoptando medidas para paliar esta situación. Solicita da voceira do PP unha actitude mais construtiva, xa que ao seu entender o PP, estivo oito anos facendo o mesmo.

A concelleira Amoedo Dasilva sinala que a secretaria que durou seis meses non se foi por presións, senón por outros motivos como intentar cambiar un sistema que funcionaban correctamente e di que secretarias como Ana Merino exerceron as súas función con diferentes grupos de goberno e tivo que irse por motivos familiares e non por presións. Considera que realmente o novo criterio de AER obedece a que son goberno e aclara que a función que realiza e a que lle corresponde como oposición, e dicir, fiscalizar a actuación do Goberno.





CONCELLO DE REDONDELA

## VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 12 a favor (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 de BNG) e 09 abstencións do PP.

### **5) Proposta sobre Asignacións aos Grupos Políticos.**

#### ANTECEDENTES:

Vista a proposta de Alcaldía do día 26 de xullo de 2019 que di:

“Visto o disposto no artigo 73.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e no Regulamento de dotación económica aos grupos políticos municipais do Concello de Redondela (BOP n.º 80, do 26/04/2019), teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción dos seguintes acordos en relación ao asunto de referencia:

1. Establecer que para o funcionamento dos Grupos Políticos, a axuda económica será de 2.700 € brutos anuais por cada grupo, máis 300 € brutos anuais por cada concelleiro/a que teña o grupo político. O pago da asignación será anual e terá o carácter de pagamento que hai que xustificar.
2. Establecer que cada grupo municipal nomee a un ou dous dos seus membros como responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos percibidos.
3. Determinar que as asignacións a grupos políticos xustificaranse mediante a presentación dunha conta xustificativa composta polas facturas e demais documentos acreditativos dos gastos, listados de movementos bancarios da conta corrente para acreditar o pagamento das mesmas e os rexistros contables, de acordo co disposto no Regulamento de dotación económica aos grupos políticos municipais do Concello de Redondela.
4. Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase a habilitación da correspondente partida orzamentaria.





CONCELLO DE REDONDELA

5. Publicar Integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Redondela o presente acordo ao abeiro do previsto no artigo 75 bis 5. da LBRL.”

### INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro González Campo di que o BNG manifesta que a dereita gústalle meterse coas asignación dos grupos políticos como medio de atacar a base do funcionamento democrático, dado que un incorrecto financiamento dificulta o exercicio da súa labor. Critica o cambio de criterio do anterior grupo de goberno, en canto que pasou de facer pagos trimestrais sobre as asignación dos grupos a realizar un pago anual, o que obriga aos integrantes dos grupos a adiantar o diñeiro necesario para o exercicio das súas funcións. Entende que a proposta de asignación resulta insuficiente, polo que propón que se modifique a proposta do grupo de goberno no censo de que as retribucións dos diferentes grupos sexan de 3.600 euros brutos anuais e de 1.200 euros brutos por cada concelleiro que era o que se cobraba no ano 2011. Mostra o seu desacordo en relación co criterio de que o grupo de goberno teña despachos e ao mesmo tempo dereito aos locais municipais, actuación que desenvolvía o anterior equipo de goberno e que tamén realiza o novo. Engade que os pagos sexan trimestrais e non anuais.

A Sra. Alcaldesa solicita o asesoramento sobre a viabilidade xurídica de votar esta emenda tras preguntar ao concelleiro si pretende presentala e responder este que si, procedendo a informar nas miñas función como secretario, en base ao contido do artigo 92.2 do ROF, que debería incorporarse informe de intervención sobre suficiencia de consignación orzamentaria, polo que de estimarse conveniente se debería votar que o asunto quedase sobre a mesa, para a incorporación do citado informe, mediante o quórum de maioría simple.

Intervén o Sr. Interventor para manifestar a súa conformidade co asesoramento realizado no parágrafo anterior e para lembrar a existencia do Regulamento de asignación que establece como ten que ser a achega anual de Grupos Municipais, actualmente en vigor.

A concelleira Couñago Andrés declara o seu apoio a proposta presentada polo goberno, que a proposta era exactamente igual que a do ano 2015 e era entre o PP e AER, e o seu desacordo coa proposta presentada polo grupo BNG, xa que nos derradeiros anos ningún grupo defendeu a insuficiencia das asignacións outorgadas e respecto dos locais, indica a existencia dun regulamento, no que non se fai distinción sobre o seu desfrute como consecuencia de que os grupos formen parte ou non do goberno.







CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira Amoedo Dasilva entende que a forma de presentar trae este punto se trata dunha burla á oposición, dado que o goberno está en minoría e precisa da busca do consenso, ademais de quedar en convocar xunta de voceiros, amais de non entender como o secretario e interventor asesoran de viva voz algo que non sabían, calificando a actuación de teatro. Quedaron en mellorar o contido e a proposta ven exactamente igual.

O concelleiro Cabaleiro Couñago aclara que para eles non se trata de ningunha burla e que a proposta foi convenientemente estudada.

O concelleiro González Campo define a actuación do PP en relación co local no concello como caciquear e no caso de AER como de comportamento inaxeitado. Sobre a utilización dos fondos lembra que falou coa señora Couñago e que esta lle informou que a postura do seu grupo era inmovilista. Explica a improcedencia de que nos locais municipais haxa militantes desenvolvendo función do grupo e non membros electos, ademais de que os primeiros non podería utilizar determinados medios públicos como serían as fotocopiadoras.

A concelleira Couñago Andrés non comprende porque se define a proposta como unha burla, cando celebrouse xunta de voceiros e ninguén manifestouse en contra da proposta, aclarando que o grupo do BNG co manifestado anteriormente, non entende o concepto de agrupación de electores.

A concelleira Amoedo Dasilva critica á actuación do goberno, posto que presumían de pactar e consensuar as súas actuacións e a primeira medida despois da súa entrada no goberno foi mover o local do Partido Popular de xeito unilateral. Di que non está de acordo co manifestado polo BNG, xa que os veciños teñen liberdade absoluta para vir aos locais municipais a realizar as consultas que estimen pertinentes. Aclara que quedou pendente de celebración unha nova xunta de voceiros para tratar este tema, da que non tiveron noticias, polo que faian as formas, calificando a actuación de chapuza.

O concelleiro Cabaleiro Couñago replica que o comportamento mais despótico que viu neste ámbito foi o traslado do local do PP, en campaña electoral ao lado da oficina de rexistro, realizando campaña electoral no propio Concello.

## VOTACIÓN E ACORDO.-





Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, rexeitase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 11 votos en contra (09 do PP e 02 do BNG) e 10 a favor (07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER).

A Sra. Alcaldesa pregunta ao voceiro BNG si votan a retirada do punto para que quede sobre a mesa a efectos de incorporación de informes, como asesoraron secretario e interventor, ou manteñen a enmenda presentada verbalmente, afirmando o concelleiro González Campo que solicita que se vote a enmenda.

Vista a **Emenda** presentada polo BNG segundo o detalle contido anteriormente, que di: “1.-Establecer que para o funcionamento dos Grupos Políticos, a axuda económica será de 3.600 € brutos anuais por cada grupo 2.-Establecer 1.200 € brutos anuais por cada concelleiro/a que teña o grupo político grupos 3.-Engade que os pagos sexan trimestrais”, aprobase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 11 votos en favor (09 do PP e 02 do BNG) e 10 en contra (07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER).

## 6) Dar Conta da nova Voceira do Grupo Político Municipal PP

Dáse conta do escrito presentado o 23.08.2019 manifestando a designación como voceira do grupo municipal de PP ao concelleira MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA.

O Pleno da corporación municipal queda enterado.

**11) Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 25/2019.IR06/19, MC 26/2019.IR07/19, MC 27/2019.GC08/19, MC 28/2019.TC12/19, MC 29/2019.IR08/19 e MC 30/2019.GC09/19.**





Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 25/2019.IR06/19 mediante a incorporación de crédito por importe de 292.543,76 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 30/07/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 26/2019.IR07/19 mediante a incorporación de crédito por importe de 266.961,94 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 06/08/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 27/2019.GC08/19 mediante a xeración de crédito por importe de 589.944,37 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 06/08/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 28/2019.TC12/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 22.961,71 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 06/08/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 29/2019.IR08/19 mediante a incorporación de crédito por importe de 17.688,69 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 08/08/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 30/2019.GC09/19 mediante a xeración de crédito por importe de 187.525,93 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 27/08/2019

O Pleno do concello quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

## **8. Actividades de control do pleno.**

### **8.1 Dar conta das Resolucions da Alcaldía.**

O Pleno queda informado das resolucions de Alcaldía.

### **8.2 Solicitude de Comparecencias.**

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.





## 8.3 Mocións.

### 8.3.1 MOCIÓN DO PP RELATIVA AO ENTROIDO DE VERÁN

Antes da lectura da mesma, solicito a palabra a Sra. Alcaldesa a efectos de asesorar a corporación nos termos do artigo 92.2 do ROF, explicando que consta informe do secretario do concello de data 27 de novembro de 2017, sobre a presentación de mocións ante órgano incompetente, aclarando que entendo que a moción presentada no caso de aprobarse podería incorrer en nulidade de pleno dereito, ao ser aprobada por órgano manifestamente incompetente, polo que o asunto debería quedar sobre a mesa, para ser tratado como un rogo.

A Sra. Alcaldesa aclara que se vai discutir esta moción, sen prexuízo de que teñan que reunirse na xunta de voceiros, para aclarar cal vai ser o criterio que adopte a corporación no sucesivo.

A concelleira Amoedo Dasilva procede a ler a moción e comenta unha serie de problemas ou defectos na organización da festa do Entroido.

#### ANTECEDENTES:

Moción do Grupo Municipal Partido Popular con entrada no Concello o día 29.08.2019 con número 2019-E-RE-1747 que se transcribe a continuación:

“O pasado 24 de agosto, como todos os anos por esta data, celebrouse unha nova edición do Entroido de Verán de Redondela, un evento que dun tempo a esta parte convertiuse nunha das festas de referencia do verán na nosa provincia.

Nas súas últimas edicións, o entroido de verán viña congregando regularmente a máis de 30.000 asistentes, convertíndose grazas a esta masiva asistencia, nun importante elemento de reactivación económica do comercio e a hostalería do noso Concello.

Desgraciadamente, nesta última edición, que esperamos que non sexa a derradeira, trunouse a positiva evolución do entroido, debido fundamentalmente a unha serie de cambios que afectaron a case todos os ámbitos do mesmo.

O grupo municipal do Partido Popular considera que resulta imprescindible correxir os moitos erros que, na nosa opinión, se produciron nesta edición, para





que o entroido continúe a ser unha festa de referencia da provincia de Pontevedra e o principal motor do comercio local durante o verán de Redondela.

En atención a esa importancia creemos que se deben modificar os seguintes aspectos :

1. Resulta imprescindible realizar unha promoción axeitada do entroido de verán, ó resultar fundamental para acadar unha asistencia masiva que redunde en beneficio do comercio local.
2. O cambio na política de contratación do concerto se demostrou absolutamente errada. A celebración de concertos de artistas axeitados para o evento, e con capacidade de atraer público de distintas idades, demostrouse fundamental para o éxito do entroido de verán.
3. Parece razoable voltar ao plantexamento de celebración das actividades infantís nun espazo máis axeitado, e alonxado dos lugares de diversión do público adulto, especialmente do botellón. Parece fundamental que non se permita nese espazo o consumo de alcohol e o uso de envases de cristal.
4. Máximo reforzo do servizo público de transporte. O anuncio da súa diminución repercutiu na baixa afluencia, ademáis de supor un incremento irresponsable do risco de accidentes de circulación.
5. Rematar coa improvisación en aspectos fundamentais como a limpeza, o transporte público, os horarios da hostelería, etc.
6. Recuperar a Gala Drag, un elemento de visibilidade deste colectivo, cuxa continuidade foi públicamente reclamada por distintas asociacións de defensa dos dereitos do colectivo LGTBIQ, e cun altísimo grado de aceptación entre os asistentes ó entroido de verán.
7. Afondar nas políticas de promoción cunha festa libre de comportamentos machistas e discriminatorios.
8. Recuperar as políticas de concienciación sobre o abuso do consumo do alcohol, así como perseguir con intensidade a venda de alcohol ós menores.
9. Garantir a seguridade xurídica dos hostaleiros.
10. Organizar o entroido en base a criterios obxetivos, e non a partir de prexucios partidistas.





Consideramos que para que non se repita outra edición fallida, como a deste ano, resulta imprescindible un diagnóstico obxectivo dos erros cometidos, e que o goberno municipal abandone a seu intento de tapar o fracaso organizativo da edición 2019 trasladando á opinión pública datos falsos que tan só pretenden negar a realidade obxetiva do mesmo.

Por todo o anteriormente exposto, a Grupo municipal do Partido Popular solicita do pleno da corporación municipal adoptar o seguinte ACORDO :

- Instar ao goberno local do Concello de Redondela a reformular o Entroido de Verán tendo en conta as propostas enumeradas nesta moción.”

### INTERVENCIONS:

O concelleiro González Campo censura a actuación da voceira do PP, en canto que ou se lee ou se expón no desenvolvemento da discusión dunha moción, pero non procede mesturar ambas accións. Afirmar que o botellón é un fenómeno suficientemente complexo e delicado para que se trate de xeito revanchista coa finalidade de sacar tallada política. Critica diferentes actuacións realizadas polo PP en relación con esta festa, como campañas para sensibilizar a poboación sobre o consumo de alcohol, na que se gastaron cartos de mais e a valoración dos resultados realizouse en base a parámetros pouco serios.

Respecto do grupo de goberno di que esperan a diferentes resultados que se teñen que presentar para facer unha correcta valoración, si ben entenden que o que si sería visible e que había dous gobernos dentro do propio goberno, actuando cada un pola súa conta e que o traballo para garantir os dereitos dos gays, lesbianas, transexuais e bisexuais se debe realizar durante todo o ano.

O concelleiro Boullosa Martínez explica que resulta contradictorio o manifestado polo PP, de que foi pouca xente con que as rúas estean cheas de lixo. Explica, en relación co primeiro punto da moción presentada, que se realizou un traballo complexo entre todas as concellerías implicadas en menos dun mes, precisamente porque o goberno anterior non deixou nada programado e que se realizaron reunións coa asociación de empresarios da vila, así como cunha reunión cuns 20 hostaleiros do centro, que son os verdadeiros creadores do evento

Sobre o segundo punto da moción, critica a promoción de proxectos do grupo popular como o do Chapela Fest, que cun orzamento de máis de 41.000 euros





contou con menos de 500 asistentes e sinala que o seu obxectivo non é encher as rúas, de xente bebendo. No referente a artistas adecuados, amosa o desacordo coa contratación dalgún deles e conclúe que se trata dunha cuestión de gustos.

No tocante Ao terceiro punto da moción, explica que non atoparon limitacións para o consumo de alcol nas actuación anteriores do PP, aínda que entende que se trata dunha idea a ter en conta.

Sobre o punto cuarto da moción presentada contesta que se trata dun servizo privado e que non o poden regular.

O concelleiro Cabaleiro Couñago en relación coas críticas sufridas pola Alcaldesa en relación coa gala *Drag*, defende as diferentes actuación que esta ten realizado nas súas función como concelleira de igualdade, polo que as entende como desafortunadas. Recoñece que poden existir diferentes erros, pero que o importante é tratar de corríxilos e non esta de acordo en que houbo improvisación, de feito xa están traballando na festa do ano seguinte. Destaca os diferentes acertos do novo enfoque de esta festa, tratando de eliminar a imaxe de macrobotellón, como serían as familias que se vían por diferentes espazos da vila, o excelente traballo que realizaron en materia de seguridade os diferentes corpos implicados. Critica a actuación do PP, que saíu coa cámara a altas horas a recoller os puntos mais escuros, e que non soubo ver todos os aspectos positivos que se teñen mellorado, destacando o protocolo articulado en materia de seguridade coa intervención das forzas e corpos de seguridade, protección civil e bombeiros, que funcionou dun modo eficaz.

A concelleira Amoedo Dasilva entende que o que se conseguiu foi mais botellón que nunca e mesturar activades de nenos con adultos bebendo. Lembra o éxito dalgún artistas que trouxo o PP e califica de fracaso algún dos contratados polo grupo de goberno.

O concelleiro González Campo crítica campañas do PP noutros eventos, como a denominada 00 porque implica publicidade subliminar. Entende que debe prevalecer a saúde pública sobre o botellón e insiste nas actuación paralelas do goberno.





O concelleiro Boullosa Martínez amosa a súa desconformidade coa gala Drag, si elo pasa por unha serie de premios que saen por uns miles de euros. Destaca as contradicións na actuación do PP coa defensa do colectivo LGTBIQ. Sobre o punto décimo da moción manifesta que para organizar un entroido con criterios obxectivos parece hai que facelo segundo os criterios do Partido Popular.

O concelleiro Cabaleiro Couñago destaca que por primeira vez se recibiron no Concello a colectivos que non foran recibidos nunca no Concello. A falta de avaliación económica definitiva xa adianta que gastaron a metade que o PP.

A concelleira Amoedo Dasilva critica a actuación da Alcaldesa en relación coa gala Drag e as contradicións existentes nas súas declaracións.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, rexeitase por maioría dos membros presentes, sendo 12 en contra (7 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 a favor do PP.

#### **12.4 Rogos e preguntas.**

##### PREGUNTAS:

##### **Preguntas formuladas polo GPM PP relativa a varios temas (Rex. Entrada 04.09.2019, 2019-E-RE-1808).**

1.- Durante o Pleno Ordinario de xullo, no debate do punto oito sobre a creación do persoal eventual, o señor Cabaleiro, referíndose ao persoal de transparencia, dixo de forma literal "O de transparencia entendemos que o ten que levar un funcionario".







Tendo en conta que durante os últimos anos do goberno do partido popular, o Concello de Redondela foi un referente en Transparencia sendo o número 1 en Galicia e o sétimo en España, e tendo en conta o importante que é continuar por ese camiño. ¿Quen é o funcionari@, quen se ocupará de levar unha área tan importante?.

**RESPOSTA:** A concelleira Couñago Andrés contesta que vaise nomear a un funcionario do Concello despois de recibir a preceptiva formación, pero aclara que haberá varios funcionarios implicados nesta función.

2.- Durante o mes de agosto, observamos nas redes sociais que se reactivou a páxina de Facebook "Concellaría de Cultura de Redondela", na que durante todo o mes se foi subindo a programación da Concellería de Cultura, dirixida polo señor Boullosa.

As distintas publicacións subíronse en diferentes horas do día, fóra do horario laboral do persoal do Concello; o domingo de madrugada, o domingo pola tarde un venres ás 23:00 da noite, tal e como se pode comprobar nas capturas de pantalla que acompañan a este escrito. Despois de escoitar AER criticar firmemente que as redes sociais da Administración local non estivesen dirixidas por persoal do Concello, gustaríanos que o señor Boullosa respondese á seguinte pregunta: ¿ Quen foi a persoa encargada de actualizar as novas da páxina de Facebook da Concellería de Cultura?

**RESPOSTA:** O concelleiro Boullosa Martínez contesta que o problema co que Aer se atopou foi que gracias á xestión do anterior equipo de goberno ou gracias á importancia que a Cultura tivo para eles Aer atopouse cun departamento baleiro. Si ben na Rpt actual do concello si figura adscrito un posto de Administrativo de cultura, o PP decidiu cubri-lo por comisión de servizo e automaticamente colocar a esa persoa a realizar tarefas noutro departamento.

3.- En xuño de 2014 por primeira vez na historia de Redondela, un areal do noso municipio, a praia da Punta, en Cesantes, obtén unha bandeira azul. O distintivo, que acredita a calidade das augas e os servizos desta zona do litoral redondelano. Este distintivo "non se concede por criterios políticos nin económicos", senón por cumprir os criterios esixidos respecto a normas de calidade da auga, seguridade, prestación de servizos e de ordenación do medio ambiente para a concesión da bandeira azul.





Nestes últimos anos desde a concellería de medio ambiente foron varias as actuacións efectuadas nos areas das praias de Redondela en aras de mellorar o seu estado e cualificación.

Actuacións como campañas de voluntariado, visitas e charlas guiadas por técnicos e expertos, campañas de concienciación e declaración paulatina dos areas de Cesantes e Chapela como praias sen fume. Unha declaración que non prohibe, pero que si pretende concienciar á poboación dos efectos negativos do fume de tabaco na nosa saúde, e dos efectos negativos de contaminación que carrexan as cabichas na auga

Para iso colocáronse carteis, repartiron folletos, ...e mesmo se puxo a bandeira de praia sen fume en Cesantes.

Para Chapela, Arealonga, adquiriuse esta primavera un mastro coa idea de colocar a devandita bandeira de praia sen fume.

A día de hoxe comprobamos que o mastro está colocado, pero a bandeira non se colocou, e é por iso que preguntamos

¿Porqué non se colocou a bandeira de praia sen fume na praia de Arealonga que nos enviaron, cando si ondea en Cesantes?

**RESPOSTA:** O concelleiro Villar Rodríguez contesta que non se colocou a bandeira porque cando chegaron había unha concellería baleira e había outros problemas medioambientais graves, que procede a enumerar. Engade que dende o PP non informaron de como había que rematar esa campaña.

**ROGOS:**

### **Rogo formulado polo GPM PP**

O consello da Muller do Concello de Redondela, tomara un acordo que foi posteriormente ratificado polo Pleno, no que o primeiro luns de cada mes levaría acabo unha concentración de protesta contra a violencia machista e no que cada mes unha asociación ou colectivo de Redondela lería un manifesto. Desde que se conformou este goberno bipartito non se realizou este acto, e xa levamos tres meses sin que se leve acabo.

Polo que rogamos á Sra. Rivas que ademais é a que ten a competencia directa en materia de Igualdade, que retome estas concentracións xa que son unha mostra de rexeitamento da sociedade redondela aos actos de violencia machista.





E sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

